

10/621 APERTURA DUN SEGUNDO PRAZO: INCENTIVOS Á CONTRATACIÓN DOS ALUMNOS TRABALLADORES DO OBRADOIRO DE EMPREGO 'LUGO SOSTIBLE 5.0'. CÓDIGO DE PROXECTO: 222410204.- Examinado o expediente tramitado para os efectos e visto o informe proposta da xefa do Servizo de Desenvolvemento Local, do 24 de xullo de 2023, na parte expositiva do cal se fai constar:

“ANTECEDENTES:

- 1.- Orde do 21 de febreiro de 2022 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia e se procede á súa convocatoria para o ano 2022 (DOG 8 de marzo de 2022).
- 2.- Resolución de concesión de axudas pola Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade (Xunta de Galicia), do 28 de xullo de 2022, para a posta en marcha do obradoiro de emprego LUGO SOSTIBLE 5.0, por un importe de 524.987,00 euros.
- 3.- Do importe total da subvención concedida, 21.000 euros van destinados a incentivos á contratación laboral de 14 alumnos traballadores do referido obradoiro de emprego. As empresas beneficiarias e interesadas nestes incentivos poderán obter unha subvención de 1.500 euros por contratación formalizada.
- 4.- As 14 contratacións referidas terán unha duración dun mínimo de tres meses a xornada completa, e deberán comezar con carácter xeral nos quince días seguintes á finalización do obradoiro de emprego, polo que a publicación da convocatoria deberá realizarse con suficiente antelación.
- 5.- Certificado de consignación presupostaria asinado pola tesoureira municipal, do 21 de abril de 2023, na partida 24102.48100 co RC. 25194.
- 6.- Informe favorable de fiscalización previa da Intervención municipal núm. 2023 /742, do 16 de maio de 2023, considerando a procedencia da tramitación do expediente.
- 7.- Bases xerais reguladoras da subvención por incentivos á contratación dos alumnos traballadores do Obradoiro de Emprego “Lugo Sostible 5.0” aprobadas pola Xunta de Goberno Local o 18 de maio de 2023 e publicadas posteriormente no BOP de Lugo do 26 de maio de 2023 e na Base Nacional de Subvencións na mesma data.

VISTOS:

ACTAS E GOBERNO

JDR/arm

Refª: ispac3021686745618126840.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 2-8-2023

1. Que, durante o prazo establecido dun mes para a presentación das solicitudes, se recibiron dúas propostas, que deron lugar á contratación de catro persoas;
2. Que quedan dez alumnos traballadores susceptibles de ser contratados por empresas que puidesen estar interesadas nos seus perfís profesionais de acordo coa formación recibida nos respectivos certificados de profesionalidade;
3. Que, ao tratarse dun procedemento de concorrencia non competitiva, e simplemente se trata dunha ordenación de solicitudes de contratación por orde de rexistro de entrada, a apertura dun novo período non causaría prexuízos sobre ningún terceiro interesado;
4. Que queda orzamento suficiente para as posibles solicitudes que se puidesen presentar, xa que non se esgotou o crédito consignado (21.000 euros);
5. Que, tras a finalización do dito período, temos constancia de que outras empresas manifestaron o seu interese en tramitar solicitudes de novas contratacións”.

A Xunta de Goberno Local, con base na referida proposta e por unanimidade de todos os seus membros presentes, **ACORDA** a apertura dun novo prazo de 20 días hábiles, dende a súa publicación no BOP de Lugo e na Base Nacional de Subvencións, para unha nova convocatoria de incentivos á contratación dos alumnos traballadores, tendo en conta a finalidade de facilitar a empregabilidade e ocupabilidade das persoas desempregadas do Obradoiro de Emprego.